

*Nos nosos tolos intentos, renunciámos ó que somos
polo que esperamos ser...*

Willian

A MAN NO PETO



A manifestación obreira como forma de expresión

Os autores da crise, eses señores de alto prestixio social, con patoloxías de ansiedade de diñeiro, que non dubidan en moverse no fango da especulación... o blanqueo... e a corrupción, a traveso dos seus interlocutores políticos e mediáticos seguen sinalándolle o Goberno, quen deben ser os que paguen a crise..., os de sempre, os menos favorecidos da sociedade.

Despois de lograr conxelar as pensións e outros recortes económicos..., despois da suba do IVE, e sobre todo a Reforma Laboral, que tanto nos

machacan e que todo indica que ó final van lograr precarizar o traballo, agora estes insaciáveis colocan tamén como nova presa a Reforma das Pensións.

Si, ese peto que co esforzo do noso traballo imos acumulando día tras días ano tras ano, para cando chegada esa etapa da nosas vidas, ter cando menos unha xubilación que nos permita afrontala con dignidade. Pois ben, aquí tamén queren meter a man.

A reforma que barallan sería en dúas direccións:

.-alongar a idade de

xubilación en 2 anos, pasando a 67. *Se quen defende isto tivera que gañar a vida enriba dun andamio nin se lle ocorrería.*

.-alongar os anos para calcular a media da Base Reguladora. *Hoxe está en 15, falan de pasalo a 30 anos. A consecuencia sería unha merma significativa da pensión que nos quedaría.*


Como vemos, aínda que sexa algo tarde, a data do 29 de Setembro está preñada de razóns para que os traballadores e traballadoras materialicemos a FOLGA XERAL.

RECORDATORIO

Dende a C.I.G., tendo en conta as consecuencias que podemos sufrir de non seguir os pasos correctos, entendemos necesario que todos os traballadores/as sexamos coñecedores de cómo actuar ante un accidente e o posterior desprazamento para o Servizo Médico

Sempre que suframos un tirón, un golpe, unha contractura, ... etc, durante a xornada laboral debemos acudir, nese mesmo instante o Servizo Médico, para que a Empresa teña constancia do mesmo, xa que de esperar ó día seguinte corremos o risco de que poñan en dúbida a nosa palabra. Os pasos son os seguintes:

mos un tirón, un golpe, unha contractura, ... etc, durante a xornada laboral debemos acudir, nese mesmo instante o Servizo Médico, para que a Empresa teña constancia do mesmo, xa que de esperar ó día seguinte corremos o risco de que poñan en dúbida a nosa palabra. Os pasos son os seguintes:



VACACIÓNS EN CASO DE I.T.(BAIXA)

Durante este proceso, non debemos esquecer que:

- se durante este período quedamos en situación de I.T., os días que non podemos disfrutar temos dereito a que se nos faciliten a continuación do alta médica.

- de atopármolos en

situación de I.T. no período de desfrute, recordade que estas quedan paralizadas, as cales encomenzaremos a disfrutar dende o día seguinte o alta médica.

Aclaración.- de non poder collelas dentro do ano natural, debemos de formalizar un escrito a Dirección da Empresa soli-

citando todos aqueles días pendentes. Se non se nos facilitan debemos presentar a correspondente Demanda ante Maxistratura de Trabajo. Sinalar que dende a C.I.G. seguimos defendendo este dereito, con sentenzas favorables para o traballador/a.

TEMPOS E RENDEMENTOS

Sendo esta unha das Áreas de traballo que maior impacto ten en nós, os traballadores/as, como no resultado final do produto, e unha vez sabedores das consignas do Director do Centro, a respecto das cargas de traballo, sorpréndenos que non se convocara a Paritaria para debater e buscar solucións a aqueles postos onde os ritmos están a forzar os traballadores/as a unha excesiva actividade.

Tal e como están hoxe en día os repartos dos talleres, ademais dos traballadores/as, quen mellor que os seus Representantes poden manifestar e defender a realidade que se está a padecer. É por iso que, a Rep. da Empresa na Comisión Paritaria ten a obriga de evitar que un traballador teña que correr para realizar o seu traballo, tamén debe ser tema desta Comisión analizar o que

está a suceder no Ferraxe do N68, onde atopamos Encargados substituíndo as funcións dos Técnicos na elaboración dos reparos, o que conleva a unha distribución das operacións de forma irregular.

Lembremos todos os traballadores/as de calquera Taller de fábrica: O señor Andón, que ningún traballador/a o invitou a mesa, non nos pode obrigarnos a CORRER. HAI QUE TIRAR DA CORDA.

TPM

XAQUE Á PROFESIONALIDADE

Nesta Sociedade, a través das conquistas dos traballadores/as, lograron forxar tres piares fundamentais, a sanidade universal, as políticas sociais e a educación. Logros todos eles acadados con moitos sacrificios dos nosos antepasados.

En Citroen, non entendendo nin respetando isto, lograron no último Convenio establecer unha Táboa de Categorías por Niveis, lapidando así a nomenclatura de Especialistas e Oficiais, regrada incluso polo Convenio Estatal do Metal.

A substitución e división das categorías por Niveis son toda una torre de Babel, onde o concepto de valoración profesional, aparte de cumprir os requisitos da formación

técnica das ramas específicas, contempla o concepto de "**valoración de competencias**", en tal grao que supera a valoración anterior, facendo que aqueles traballadores/as que se senten e actúan como profesionais sexan valorados por conceptos e aptitudes que nada teñen que ver co seu oficio.

Poñamos un exemplo: *Imaxinemos que para un Xerente de hospital, o mal carácter dun médico está por riba da súa capacidade profesional para atender a un doente, polo que decide poñelo a facer funcións de celador. Pola contra o xerente un celador con aptitudes subxectivas, ponno a facer as funcións do médico.*

Agora dan un paso máis, e non só as tarefas de mantemento teñen que

realizalas os cualificados nos seus respectivos niveis profesionais, senón que pretenden que todos e todas as persoas que traballamos desenvolvendo as nosas funcións como Especialistas fagamos labores de mantemento preventivo nunha instalación robotizada.

Isto é o que pretenden implantar en Ferraxe coas gamas "automantemento". Agora entenderemos todos con máis plasticidade por que a Dirección se cargou no Convenio as Categorías Profesionais, para colocar "colaboración" por riba de "profesionalidade". Resultado: máis responsabilidade a menor prezo.

Todo un piar da sociedade, como é a educación e a formación postas en xaque.

PERMISOS POR HOSPITALIZACIÓN

Dentro das licencias sempre tivemos dificultades á hora de concedernos o permiso por hospitalización ós familiares deica o segundo grao de consanguineidade, ou afinidade, nos casos de parto natural, por non entender que se estaba nunha situación asimilable.

A Audiencia do Estado dá a razón ó traballador, por entender que non se pode diferenciar a hospitalización por enfermidade da

do parto. A Sentencia dentro dos seus razoamentos, apunta que basta coa hospitalización para que se xenere o dereito a licencia, sen que sexa precisa enfermidade da parturienta, ademais non pode limitarse ós permisos de parto dos que disfruta o pai, pois pode faltar ou estar ausente, e iso non libera á muller de dar a luz e necesitar a axuda que lle pode proporcionar un familiar próximo.

Así que, nestes casos,

corresponde o permiso por hospitalización.



BAIXAS MÉDICAS A PARTIRES DOS 12 MESES

Dende a reforma do artigo 128.1 da Lei da Seguridade Social (Xaneiro de 2007), os prodesos de I.T. (Incapacidade Transitoria) pasaron a ser xestionados polo INSS, (Instituto Nacional de Seguridade Social) depende do Ministerio de Traballo e asuntos Sociais, a partir dos doce meses continuados de baixa.

É dicir, se calquera de nós, a nosa enfermidade nos levara a estar máis de 12 meses de baixa (tendo en conta as longas listas de espera), o INSS actúa de xei-

to automático ó día seguinte. O proceso é o seguinte:

1º) determinación de :

.-Alta Médica soamente ós exclusivos efectos da prestación económica.

.-Prórroga da I.T. até un máximo de seis meses.

.-Alta por esgotamento de proceso con proposta de expediente de Incapacidade Permanente.

2º) Protocolo de actuación: Recoñecemento médico, Informe médico de avaliación de I.T.. Proposta de resolución do EVI (Equipo de Valoración de

Incapacidades). Resolución e notificación.

Unha vez que o INSS decreta o alta médica por esgotamento do proceso de I.T. sen que chegara a unha Incapacidade Permanente, que pode ser emitida polo Médico de Cabezeira (SPS) ou solicitada polo INSS, poden suceder dous casos:

a) determinar que é a mesma ou similar patoloxía.- Baixa sen efectividade económica

b) de determinar que é diferente patoloxía.- Un novo proceso de baixa.


VACACIÓNS

Despois dun calendario tan accidentado como irregular, por fin chega esta paréntese na actividade laboral.

Esa terceira parte da nosa vida que pasamos no centro de traballo, onde para unha maior actividade os minutos nos son divididos en cen partes, as vacacións voltan a colocar o tempo no seu ritmo solar.

É pois o desexo dos vosos compañeiros/as da Sec. Sindical da C.I.G. de que gocedes destes días tan valiosos como necesarios

Que todos e todas o pasedes ben.



O teu dereito: Organizarte



A nosa obriga: Informarte

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA